


# CONCERTO

## ORQUESTRA DE FRAUTAS DE GALICIA

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

SÁBADO 27 DE FEBREIRO DE 2016 ÁS 18:00



ORQUESTRA de FRAUTAS de GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA



MUSEO  
ARQUEOLÓXICO  
DO CASTRO DE  
VILADONGA



ASOCIACIÓN DE AMIGOS  
DO CASTRO DE VILADONGA

galicia



[orquestradefrautasdeg Galicia.blogspot.com](http://orquestradefrautasdeg Galicia.blogspot.com)

## ORQUESTRA DE FRAUTAS DE GALICIA

A Orquestra de Fautas de Galicia ten tres obxectivos principais na súa formación e andaina:

**Formación:** a formación dos frautistas é o pilar fundamental da nosa agrupación. Na nosa orquestra pretendemos que os frautistas progresen a nivel individual ó tempo que a propia orquestra mellora como conxunto. A aprendizaxe dentro dun grupo é moito máis enriquecedora e o traballo e preparación dun repertorio concreto e dun programa de concerto reforza enormemente a motivación dos frautistas.

**Divulgación:** dar a coñecer o noso instrumento, así como as súas posibilidades técnicas, sonoras e expresivas ademais do seu repertorio, é algo que nos corresponde sen dúbida ós frautistas. Estas ambiciosas intencións poden ser moito mais eficaces dende unha plataforma como é unha orquestra de frautas na que chegamos a un público máis numeroso.

**Interpretación:** a interpretación musical ten que ser obxectivo prioritario de todo músico, ademais do estímulo para abordar o estudo individual. Na OFG plasmamos esta interpretación nos concertos que ofrecemos e que levan ó público un repertorio variado, de grande calidade e tamén orixinal polo infrecuente da nosa agrupación. Por outra banda, a interpretación é un aspecto esencial xa que aglutina a formación musical e a divulgación da frauta, contribuíndo ademais ó enriquecemento cultural e social.

A OFG desenvolve a súa actividade dende o ano 2005, ofrecendo concertos en lugares como A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo e Ribadeo e sempre baixo a batuta do seu director, Salvador Espasa.

## SALVADOR ESPASA

Membro do Grupo Círculo dende a súa formación en 1983, co que desenvolve unha intensa labor na música contemporánea.

Actuou como solista en varias ocasións no Teatro Real de Madrid e no Auditorio Nacional de España. Ten gravado máis de vinte compactos co Grupo Círculo, sendo solista en seis deles. Gravou tamén para RNE, RF e RAI. Realizou numerosos cursos en diferentes cidades. Ten numerosos traballos para frauta e grupo de frautas.

Na actualidade é membro do Grupo Círculo, profesor do Conservatorio Profesional de Música de Amaniél (Madrid), director das orquestras de frautas de Madrid, País Vasco, Málaga, León e Asturias e director dos cursos de verán “Manuel Garijo”.

### •Minuetto do Septimino de L. Van Beethoven.

Adaptción para orquestra de frautas de Salvador Espasa

### •Frauta Máxica de W. A. Mozart.

Arranxo para orquestra de frautas de S. Espasa. Frauta solista: Miriam Pereña

### •Extracto do 2º movemento da Sinfonía nº 7 de Beethoven.

Arranxo para orquestra de frautas de Gorka Espasa.

### •2º Movemento da Sinfonía nº 101 “O reloxo” de Haydn.

Arranxo para orquestra de frautas de Hikaru Wakanabe.

### •Margarita na rueca de F. Schubert.

Arranxo de Eduardo Costa

### •Soleá de Salvador Espasa.

Poema: “Muerte de Antónito el Camborio” de Federico García Lorca.

Recitador: Pablo Coria

### •Xogo de tronos de Ramin Djawadi.

Arranxo para orquestra de frautas de Gorka Espasa.

### •Vals nº 2 da Jazz Suite nº 2 de Shostakovich.

Arranxo para orquestra de frautas de Gorka Espasa